

Obxecto

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (en diante, AAAG) convoca con carácter anual os Premios María Casares de Teatro, que teñen como obxectivo promocionar o Teatro feito en Galicia premiando os espectáculos de teatro de actriz/actor levados á escena e os/as diferentes profesionais participantes.

Requisitos para optar aos premios

Poderán optar a estes premios todas as producións profesionais de teatro de actriz/actor estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como as/os profesionais que participaren nelas. Só se admitirán no certame espectáculos en lingua galega de haber texto falado. De non habelo será obrigado que os materiais de difusión como programas de man, sinopses, etc estean en galego

As montaxes estreadas no derradeiro trimestre do ano, é dicir entre o 1 de outubro e o 31 de decembro, poderán escoller entre presentarse na presente edición ou agardar á seguinte convocatoria. A decisión tomaraa a compañía produtora, responsable da inscrición das candidaturas.

A AAAG resérvase a potestade de solicitar da compañía documentos que acrediten o cumprimento dos convenios laborais vixentes, nomeadamente do I Convenio de Actores e Actrices de Teatro de Galicia.

Unha mesma candidatura só poderá concorrer aos Premios nunha ocasión.

A participación nesta convocatoria implicará a aceptación completa e total das normas contidas nas presentes bases.

Categorías

Os premios concederanse nos seguintes apartados.

- Maquillaxe.
- Vestiario.
- Iluminación.
- Espazo sonoro
- Espazo escénico
- Dirección de movemento
- Texto Adaptado¹.
- Texto Orixinal¹.
- Actor Secundario.
- Actriz Secundaria.
- Actor Protagonista.
- Actriz Protagonista.

- Dirección.
- Espectáculo Infantil².
- Espectáculo de Monicreques, obxectos e figuras animadas²
- Espectáculo².

Se algunha das categorías non acada un mínimo de 3 candidaturas será excluída do proceso de votacións, e non se concederá premio en tal categoría

¹ As categorías Texto Orixinal e Texto Adaptado son excluíntes entre si, a compañía deberá inscribir o texto do seu espectáculo nunha ou noutra. Enténdese por Texto Adaptado aquel que non foi escrito orixinalmente en lingua galega e/ou non foi escrito orixinalmente para teatro e/ou sufriu modificacións para a escena que non foron responsabilidade da autoría orixinal. Enténdese por Texto Orixinal o texto escrito orixinalmente en lingua galega para teatro.

² As categorías Mellor Espectáculo, Mellor Espectáculo Infantil e Mellor Espectáculo de Monicreques, obxectos e figuras animadas son excluíntes entre si. A compañía deberá inscribir o seu espectáculo nunha ou noutra. Poderán concorrer na categoría de Espectáculo Infantil aqueles espectáculos que foran dirixidos ao público infantil ou familiar.

Premio de Honra Marisa Soto

Outórgase ademais o Premio de Honra Marisa Soto, no que se galardoa unha traxectoria ou labor, persoal ou colectivo, en prol da promoción do Teatro Galego. O premio leva o nome de Marisa Soto en lembranza da actriz que tanto traballou polo movemento asociativo do teatro en Galicia, e decídese por deliberación e acordo maioritario da Xunta Directiva da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Como inscribirse

A inscrición realizarase fornecendo os datos e documentos solicitados mediante o formulario dispoñible na páxina web dos premios dentro das datas indicadas na convocatoria do certame.

A AAAG fará pública a convocatoria dos premios mediante os medios que considere oportunos, sempre tratando que a súa difusión sexa máxima. Abrirase un prazo de inscrición suficiente para que todas as compañías interesadas poidan facer a inscrición dos seus espectáculos.

As compañías que desexen inscribir os seus espectáculos e os profesionais que participan neles deberán achegar polos medios facilitados pola AAAG a lo menos:

- Nome e contacto (correo electrónico e teléfono) da persoa responsable da inscrición.
- Listaxe das candidaturas a inscribir. Non é obrigatorio presentar candidaturas en todas as categorías
- Programa do espectáculo

- Cartel
- Foto/fotos do espectáculo, incluíndo o nome das persoas que aparezan en cada foto.

Ao recibir a inscrición a AAAG remitirá á compañía unha copia dos datos recibidos. Unha vez rematado o prazo de inscrición, a AAAG porase en contacto cos responsables da inscrición de cada espectáculo para que confirmen as candidaturas presentadas nun prazo prudencial.

Unha vez confirmadas as candidaturas a AAAG fará pública a listaxe completa e abrirá un período de alegacións. Para efectuar tales alegacións a persoa interesada deberá enviar un escrito razoado expoñendo a motivación da súa alegación xunto a copia do seu DNI ao enderezo electrónico premiosmariacasares@aaag.es.

Calquera conflito na inscrición de espectáculos e candidaturas será resolto pola xunta directiva da AAAG sen que sexa posible recorrer o seu acordo.

Elección das candidaturas premiadas

A elección das candidaturas premiadas realizarase mediante dúas roldas de votacións entre o censo de votantes.

Nunha 1ª rolda os/as votantes escollerán entre todos os/as profesionais e espectáculos presentados as candidaturas finalistas, normalmente 3 en cada categoría. Na segunda rolda os votantes escollerán a candidatura premiada entre as finalistas.

1ª Rolda

A organización dos premios facilitará a todo o censo de votantes unha relación das candidaturas presentadas polas compañías produtoras dos espectáculos durante o proceso de inscrición. Esta relación irá ordenada por orde alfabética dentro de cada categoría.

O votante deberá escoller 3 candidaturas de cada categoría. Non será obrigatorio votar en todas as categorías. A escolla do/a votante será comunicada á AAAG dentro do prazo que se determine polos medios facilitados pola mesma. Unha vez rematado este prazo realizarase un recuento dos votos nunha sesión controlada pola xunta directiva da AAAG.

As candidaturas que obteñan os tres mellores resultados en cada categoría pasarán a seguinte rolda*.

*Empates

Se hai tres candidaturas empatadas a maior número de votos, serán finalistas as tres candidaturas implicadas; se hai dúas candidaturas empatadas a maior número de votos, serán finalistas estas dúas candidaturas e a segunda máis votada; se hai unha candidatura con maior número de votos e dúas empatadas en segundo lugar, serán finalistas aquela primeira e estas dúas segundas, etc. En todas as demais combinacións que produzan máis de tres ou cinco candidaturas empatadas consideraranse todas elas como finalistas.

2ª Rolda

Unha vez feito o reconto dos votos da 1ª rolda, a AAAG fará pública a lista completa de finalistas. Esta lista será ordenada alfabeticamente dentro de cada categoría e non haberá ningunha alusión ao número de votos obtido na primeira rolda.

Esta lista comunicaráse a todo o censo de votantes para que este proceda a unha segunda e definitiva elección da candidatura gañadora en cada unha das categorías.

O votante escollerá unha candidatura en cada categoría. Non é obrigatorio votar en todas as categorías.

Nun novo reconto, a candidatura finalista que obteña o maior número de votos será promulgada como premiada. De producirse un empate entre varias candidaturas finalistas, compartirán o dereito a seren promulgados como premiadas.

Os premios non teñen dotación económica.

Validez dos votos

Consideraranse nulos os votos emitidos en documentos distintos aos preparados para tal efecto pola organización. Tamén se considerarán nulos os votos emitidos a favor de candidaturas que non cumpran os requisitos establecidos no presente Regulamento, ou aqueles que conteñan máis ou menos votos dos solicitados para cada fase.

Censo de votantes

O censo de votantes dos Premios María Casares estará composto por:

- Os/As asociados/as da AAAG de pleno dereito.
- Os/As finalistas das edicións anteriores, que aceptaran exercer este dereito.
- Programadores/as dos espazos de representación escénica de Galicia.
- Críticos/as teatrais e persoeiros das artes escénicas ou da cultura de Galicia. Nesta categoría a Xunta Directiva da AAAG ten a potestade de convidar a quen considere oportuno

A convocatoria dos Premios María Casares procura a promoción do tecido teatral, un esforzo máis para situar o Teatro no lugar que merece dentro das Artes e da Cultura do noso país.